

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE PARA A COMPARTICIÓN DE COÑECEMENTO NO MARCO DO PLAN DE INNOVACIÓN SANITARIA PRECISAÚDE, O CAL ESTÁ SUXEITO Á OBTENCIÓN DO FINANCIAMENTO DA LIÑA DE FOMENTO DA INNOVACIÓN DESDE A DEMANDA (FID) DO MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), formalizaron o 13/03/24 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a súa sinatura e durante un período de catro anos, renovables anualmente ata o límite previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer un marco xeral de colaboración e de compartición de coñecemento, no desenvolvemento do Plan de Innovación Sanitaria do Servizo Galego de Saúde (PRECISAÚDE), que resulte mutuamente beneficioso para as partes e que responda ao espazo de confluencia dos seus obxectivos e ámbito de actividade no ámbito da Medicina 5P (prevención, predición, participación, personalización e enfoque poboacional).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Estratexia galega de saúde 2030 do Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Sanidade establece como panca de cambio a "Saúde 6P" cun enfoque centrado en seis elementos clave para promover a saúde e o benestar das persoas: preventivo, proactivo, participativo, personalizado, de precisión e poboacional.

Relacionado con este termo, a Medicina 5P, na que se encadra o Plan de innovación sanitaria PRECISAÚDE, representa unha nova tendencia na medicina actual e supón un novo enfoque na atención médica, poñendo ao paciente no centro dun proceso que inclúe a curación, a prevención, a predición, individualización de terapias e mellora significativa da calidade de vida. Trátase dunha nova tendencia na medicina baseada en 5 'P's: Personalizada, Preditiva, Preventiva, Participativa e Poboacional, que busca mellorar a calidade asistencial, a eficiencia e sostibilidade do sistema sanitario, adecuando os recursos ás necesidades de cada persoa.

A formalización deste acordo non leva aparellada a asunción de ningún compromiso económico para ningunha das partes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A xerente do Servizo Galego de Saúde

Maria Estrella Lopez-Pardo Pardo.

